

Dependencia CIR.- Mobilidade e Seguridade Cidadá 317.- MMOBE		
Documento CIR1111K3	Expediente	Fecha 15-06-17 10:32

Concello de Santiago
Decreto
Fecha 14-06-2017
Número DEC/3934/2017

Asunto

**HABILITAR A RUA COSTA VELLA PARA ZONA
RESIDENTES 24 HORAS E OUTRAS
MODIFICACIÓNS**

SANTIAGO DE COMPOSTELA, 15 de xuño de 2017
CONCELLO

15078DCIR1111K3B



DECRETO.- Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2017

A Ordenanza de Circulación e Uso da Vía Pública, dispón no seu artigo 35.-

O Concello establece as medidas de estacionamento limitado co fin de garantir a rotación dos aparcamentos, a protección do patrimonio histórico, no seu caso, así como de outros usuarios da vía pública.

2.- *Queda eliminado o aparcamento de vehículos nas rúas incluídas dentro do perímetro peonil, agás os residentes, que poderán acceder á zona entre as 20.30 e as 8.30 en días laborables, nos meses de setembro a maio, e entre 21.30 e 8.30, nos meses de xuño, xullo e agosto, e ata as 10.30 horas en festivos. Os residentes poderán aparcar o seu vehículo nunha das zonas sinaladas para facelo nas seguintes rúas e prazas: praza de San Miguel dos Agros, praza da Inmaculada, de Salvador Parga, de Cervantes, rúa Travesa, rúa de Entremuros, avenida de Raxoi e Algalia de Abaixo.*

3.- *Para os efectos deste artigo, os residentes na zona peonil deberán solicitar no departamento de Tráfico a oportuna tarxeta, na que se lles sinalarán os puntos de entrada e saída. Poderán obter a acreditación de residentes permanentes as persoas físicas que reúnan os requisitos que a continuación se sinalan:*


- Que o seu domicilio segundo o Padrón municipal de habitantes estea dentro da zona peonil.*
- Que acrediten a titularidade do vehículo mediante permiso de circulación e o DNI, dos que deberá presentar orixinal ou copia compulsada e entregar fotocopia.*
- Que acrediten estar ó corrente do pagamento do imposto de vehículos de tracción mecánica no Concello de Santiago.*
- Non ter pendentes de pagamento multas de tráfico por resolución firme deste Concello.*

4.- *As persoas que por razóns de enfermidade ou minusvalía e outros cidadáns que con motivos xustificadas precisen acceder a esta zona fóra do horario ou en condicións diferentes das establecidas, deberán solicitalo no departamento de Tráfico do Concello, que, tras as comprobacións oportunas, poderá autorizalo coas condicións que se sinalen na correspondente tarxeta acreditativa.*

Pola súa banda, o artigo 33.8 do mesmo texto legal dispón que:

A autoridade municipal poderá fixar zonas na vía pública para estacionamento ou para utilización como paradas en liña de autobuses tanto de servizo urbano como interurbano.

En base a esta habilitación legal, o Concelleiro Delegado de Medio Ambiente e Convivencia, por delegación do Alcalde, acordou o 24 de maio de 2016, habilitar de xeito provisorio as Prazas da Algalia de Abaixo, de San Clemente e a rúa Costa Vella, como zonas de aparcamento de residentes do casco histórico e por acordo de 17 de febreiro de 2017 incorporar tamén a Praza Irmáns Gómez, coas mesmas condicións previstas no artigo 35 da Ordenanza de Circulación e Uso da Vía Pública, que serán compatibles con as que agora están



Dependencia CIR.- Mobilidade e Seguridade Cidadá 317.- MMOBE		
Documento CIR1111K3	Expediente	Fecha 15-06-17 10:32

establecidas no meritado artigo e con carácter transitorio ata que se leve a cabo a modificación da Ordenanza, intre no que se procederá a estudar as ubicacións máis axeitadas para o aparcamento de residentes do casco histórico, incorporándoas a nova regulación.

Con esta mesma finalidade e á vista das demandas veciñais e o informe do técnico municipal deste departamento de data 2 de xuño de 2017 acórdase agora ampliar a zona de residentes do casco histórico na rúa Costa Vella durante 24 horas; asemade, considérase necesario darlles ós residentes da rúa Pombal e da rúa Rodas a posibilidade de aparcamento que teñen os residentes da améndoa do casco histórico, posto que aínda que as súas rúas son de circulación rodada carecen de zonas de aparcamento reservadas a residentes. Polo que os residentes destas rúas, previa disposición do correspondente distintivo de residentes poderán estacionar os seus vehículos nas bolsas de aparcamento habilitadas para residentes, nas mesmas condicións previstas no artigo 35 da Ordenanza de Circulación e Uso da Vía Pública, en horario de 20:30 a 8:30 horas, en días laborables, nos meses de setembro a maio; e entre 21.30 a 8:30 horas, nos meses de xuño, xullo e agosto; e ata as 10:30 horas os festivos; agás na rúa Costa Vella, en que se poderá aparcar durante 24 horas tódolos días do ano.

FUNDAMENTOS XURIDICOS

1.- Ao abeiro do disposto no artigo 124.4.ñ) da Lei 7/85 de RBRL na redacción dada pola Lei 57/2003 de medidas para a modernización do goberno local e a Lei 4/2004 do 28 de xuño do Parlamento de Galicia, que establece no seu artigo 1 a aplicación ó Concello de Santiago do disposto na lexislación estatal, anteriormente sinalada, o Alcalde é competente para ditar a resolución que se interesa. Asemade, de conformidade co disposto no artigo 124 da Lei 7/85 na redacción dada pola Lei 57/03, por acordo de 16 de xuño de 2015, o Alcalde delega no concelleiro que asina a competencia que se interesa.

2.- Vistos os preceptos correspondentes do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Circulación para a aplicación e desenvolvemento da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, aprobado por Real Decreto Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, coas súas modificacións posteriores para a regulación dos usos das vías urbanas e, en derradeiro lugar a Ordenanza de Circulación e Uso da Vía Pública.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- AMPLIAR a zona de residentes do casco histórico na rúa Costa Vella durante 24 horas.

SEGUNDO.- CONCEDER ós residentes da rúa Pombal e da rúa Rodas a posibilidade de aparcamento que teñen os residentes da améndoa do casco histórico, posto que aínda que as súas rúas son de circulación rodada carecen de zonas de aparcamento reservadas a residentes. Polo que os residentes destas rúas, previa disposición do correspondente distintivo de residentes poderán estacionar os seus vehículos nas bolsas de aparcamento habilitadas para residentes, nas mesmas condicións previstas no artigo 35 da Ordenanza de Circulación e Uso da Vía Pública, en horario de 20:30 a 8:30 horas, en días laborables, nos meses de setembro a maio; e entre 21.30 a 8:30 horas, nos meses de xuño, xullo e agosto; e ata as 10:30 horas os festivos; agás na rúa Costa Vella, en que se poderá aparcar durante 24 horas tódolos días do ano.

Darase a debida publicidade a este acordo, insertando anuncio en dous xornais de maior difusión para xeral coñecemento da cidadanía e na páxina web do Concello.

Notifíquese o presente decreto ós interesados e ós demais negociados, seccións e servizos correspondentes

O CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO AMBIENTE E CONVIVENCIA

Xan Xesús Duro Fernández

CONCELLO DE SANTIAGO

Concelleiro de Mobilidade e Seguridade Cidadá

2017

